



(SECRETARÍA)
EXCMO. CONCELLO DA ESTRADA
PONTEVEDRA

ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLO PLENO DESTA CONCELLO O 1 DE DECEMBRO DE 2016	
LUGAR: CASA CONSISTORIAL DO EXCMO. CONCELLO DA ESTRADA	
TIPO DE SESIÓN: ORDINARIA	CONVOCATORIA: PRIMEIRA

SEÑORES/AS ASISTENTES:

GRUPO P.P.

D. JOSÉ LÓPEZ CAMPOS
Alcalde-Presidente

D. JUAN MANUEL CONSTENLA CARBÓN
Concelleiro

D. ALBERTO BLANCO CARRACEDO
Concelleiro

DNA. AMALIA GOLDAR CORA
Concelleira

D. ÓSCAR ALEJANDRO DURÁN BARROS
Concelleiro do PP

D. MARÍA ÁNGELES PAIS CARBIA
Concelleira

D. MIGUEL ÓSCAR RANCAÑO BRAÑANOVA
Concelleiro

DNA. MARÍA DEL CARMEN DURÁN LEA
Concelleira

D. JOSÉ ISMAEL PENA VILLAMOR
Concelleiro

DNA. LUCÍA SEOANE ROSENDE
Concelleira

D. NEMESIO IGNACIO REY PAZOS
Concelleiro

GRUPO PsdeG-PSOE

DNA. BELÉN LOUZAO VIEITES
Concelleira

D. ROMÁN SUÁREZ PORTO
Concelleiro

DNA. M^a MONTSERRAT MACEIRAS VICENTE
Concelleira

DNA. ANA ASOREY BREA
Concelleira do PsdeG-PSOE

D. LUIS RENDO ARAUJO
Concelleiro

D. MANUEL FERNÁNDEZ CERDEIRA
Concelleiro

D. EDUARDO JOSÉ DAVILA RODRÍGUEZ
Concelleiro

DNA. SILVIA NEIRA IGLESIAS
Concelleira

GRUPO MÓVETE

DNA. MARÍA DEL MAR BLANCO CASAIS
Concelleira

GRUPO BNG

D. XOSÉ MAGARIÑOS MACEIRAS
Concelleiro do BNG

SECRETARIA

DNA. LUCÍA ARTIME ALONSO

INFÓRMATICO

D. DIEGO PERNAS

INTERVENTOR ACCTAL.

D. Luis Lozano Lorenzo.

Na Casa do Concello, sendo as vinte horas trinta minutos do día un de decembro de dous mil dezaseis, reúnese no Salón de Sesións o Pleno da Corporación Municipal, co obxecto de celebrar sesión ordinaria convocadada para as vinte horas trinta minutos, constituíndose coa asistencia dos Señores arriba nomeados, dando fe do acto a Secretaria do Concello, Dna. Lucía Artime Alonso.

A sesión celébrase previa convocatoria, dándose publicidade da mesma mediante a inserción dun exemplar da convocatoria e Orde do Día no Taboleiro de Anuncios e páxina web deste Concello.

Declarada aberta a sesión polo Sr. Alcalde-Presidente, dáse comezo á mesma conforme á seguinte:

ORDE DO DÍA

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN ORDINARIA DO 3 DE NOVIEMBRE 2016. Dada conta da acta corresponde á sesión ordinaria celebrada o 3 de novembro de 2016, apróbbase por unanimidade, ordenándose polo Sr. Presidente a súa transcripción ao Libro de Actas segundo dispón o artigo 110.2 do ROF.

2°.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN EXTRAORDINARIA DO 24 DE NOVIEMBRE DE 2016. Dada conta da acta corresponde á sesión extraordinaria celebrada o 24 de novembro de 2016, apróbase por unanimidade, ordenándose polo Sr. Presidente a súa transcripción ao Libro de Actas segundo dispón o artigo 110.2 do ROF.

3°.- DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO, RELATIVO Á PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DE RECURSOS DE REPOSICIÓN INTERPOSTOS CONTRA A RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO DO CONCELLO DA ESTRADA.

O Sr. Alcalde outorga a palabra ao Concelleiro delegado de Persoal, **D. Alberto Blanco Carracedo**, quen fai unha introdución ao asunto que se trata neste punto dicindo que na Comisión Informativa de Organización e Funcionamento celebrada o pasado 24 de novembro dictaminouse favorablemente a proposta da Alcaldía pola que se resolvían os recursos presentados á RPT, estimando parcialmente os recursos presentados no que se refire á publicación íntegra do texto da RPT en aras dunha total transparencia e seguridade xurídica, polo que se procederá á súa publicación no Boletín Oficial da Provincia; por outra banda, os restantes recursos presentados se rexeitan na súa totalidade.

Continúa explicando que foron quince os recursos presentados, os cales foron obxecto de informe da Secretaría Xeral; algún destes recursos non teñen bases algunha e, ademais, tratan sobre cuestións que xa foron obxecto de modificacións no texto da RPT, como é o caso da creación de novas prazas; outros manifestan a disconformidade con respecto ás puntuacións dos complementos específico e de destino, neste caso di que o manual que se utilizou á hora da valoración dos postos de traballo foi o aportado polo sindicato CSIF e coa aprobación dos restantes sindicatos, é dicir, que foi obxecto de previa negociación e admitido polo grupo de goberno, considerando que a obxectividade está clara, ao contrario do que recollen os recursos presentados, os cales manifestan a falta de obxectividade no momento de valorar cada un dos postos de traballo. O Sr. Blanco remítese ao nomeado manual, no que se establece que a postos iguais, puntos iguais, e cando as funcións son diferentes os puntos son distintos, o que foi explicado de forma moi gráfica polo Director de Réxime Interno na Comisión, aportando unha serie de casos concretos.

O Sr. Blanco detalla outros asuntos obxecto dos recursos, tal como a publicación do órgano redactor da RPT, a este respecto, segundo o sinalado no informe da Secretaría, non é necesario facer mención ao responsable da redacción, xa que dito documento procede da Mesa de Negociación.

No referente ao complemento de destino, é igual que o sinalado anteriormente para o complemento específico (postos diferentes = puntos diferentes), sen embargo reconece que se pode valorar o salto de nivel en determinados postos e que non parece obxectivo, pero son situacións que hai que valorar e que sempre traerán consecuencias que non son por todas aceptadas.

No que se refire a aqueles recursos que solicitaban a anulación da RPT, o Sr. Blanco, apoiándose no informe da Sra. Secretaria, di que non se dan os supostos legais para a súa anulación.

Para finalizar, ao considerar que todos os recursos presentados coinciden nas súas pretensións, se propón o seu rexeitamento conxunto, agás no que respecta á publicación do texto íntegro da Relación de Postos de Traballo.

Intervén a voceira do PSdeG-PSOE, **Dna. Belén Louzao**, quen fai unha pregunta sobre como se van a votar estes asuntos que se plantexan na proposta, xa que observa que son dos acordos distintos, un sobre a publicación íntegra da RPT no Boletín Oficial da Provincia e outro sobre o rexeitamento dos recursos presentados á mesma.

Continuación na súa intervención, a Sra. Louzao manifesta que se trata dun documento que non satisfacía aos traballadores municipais (como xa dixo dende un principio o seu grupo político) e que non recolle todo o que a lexislación aplicable esixe, sen embargo coincide coa necesidade de volver a ser publicado, pero esta vez o texto íntegro do documento, xa que o erro na inicial publicación xenerou indenfacción aos traballadores que querían recurrila. Ante o anterior manifesta a disconformidade do seu grupo político coa desestimación dos recursos

presentados, ao considerar que varios dos recursos e, incluso, partes deles deben de ser estimados, a pesares de que o Partido Popular lles dixo que non había ningunha lei que os obrigase, pero é parte da potestade do grupo de goberno o tomar decisións en materia de persoal, non sendo necesario que exista unha lei que os obrigue, porque é responsabilidade do goberno outorgar dereitos aos traballadores; polo anterior di que nunha das alegacións se sinala que non se recolle o órgano responsable da redacción do documento, non entendendo o por qué o grupo de goberno non o di en aras da transparencia; así mesmo, non entende que non se recolla a valoración que se van a dar aos distintos complementos, xa que debe de existir unha valoración económica (como xa manifestou anteriormente no debate da aprobación inicial da RPT). Polo anterior a Sra. Louzao non admite a escusa de que non hai lei que esixa outorgar dereitos aos traballadores, tan so se trata dunha cuestión de obxetividade e transparencia á hora de puntuar os complementos.

A Sra. Louzao fai referencia a outra das alegacións presentadas, na que se di que hai distinta valoración no complemento de destino entre iguais postos de traballo, solicitando a equiparación, ao que o grupo de goberno, á hora de desestimar os recursos presentados, se escuda no informe de Secretaría, sen embargo di que dito informe recolle que os postos de traballo da mesma categoría, aínda que pertencen a distintos departamentos, deben ter o mesmo complemento de destino. Ante o reseñado, non entende porque non se atende a nomeada alegación e se corrixen esas eibas; non entende porque se rexeitan as alegacións presentadas, xa que considera que algunhas poderían terse en conta, ao igual que sería viable a modificación do texto da RPT para ofrecer maior transparencia e seguridade aos traballadores.

Polo manifestado, a Sra. Louzao apoiará a proposta no relativo á publicación do texto íntegro da Relación de Postos de Traballo, pero non apoiará o rexeitamento das alegacións e recursos presentados, pedindo que se deixe o documento sobre a mesa co gallo de proceder á súa mellora e corrección.

Toma a palabra a voceira do grupo MÓVETE, **Dna. Mar Blanco**, para dicir que no mes de xuño, cando o grupo de goberno aprobou a RPT en solitario, se advertiu das consecuencias que tería o feito de aprobar o documento sen o apoio maioritario dos traballadores, xa que se trata dun documento que debería de contar co apoio dos mesmos e dos seus representantes sindicais e, por falta do mesmo, trae como consecuencia as 15 alegacións ás que hoxe o goberno decide dar carpetazo e outra é o recurso contencioso presentado polo un dos sindicatos.

Di que a RPT era o instrumento esencial para levar a cabo unha eficaz organización do traballo municipal e que redunde en beneficio dos veciños estradenses, os cales ven como na actualidade se cumpren os prazos sen ter resposta ás súas solicitudes e demandas, así como o pagamento fóra de prazo das facturas presentadas por diversos provedores; sen embargo, o grupo de goberno elabora un documento que non pon solución a estes problemas xa que non redunda en beneficio dos traballadores e, por ende, en beneficio dos veciños.

Continúa a Sra. Mar Blanco dicindo que está de acordo coa proposta de publicación do texto íntegro da RPT e en contra do rexeitamento das alegacións presentadas polos traballadores. Así mesmo considera o documento incompleto que non resolve a valoración económica dos postos de traballo e que incumple a obrigatoriedade de negociar fixada na lei, tal e como demostra as alegacións e recursos presentados.

O voceiro do BNG, **Sr. Xosé Magariños**, toma a palabra para dicir que o documento da RPT ten, cada vez máis, traballadores/as en contra, non solucionando os problemas de organización do persoal. Remitíndose ao dito no debate da aprobación do RPT, se trata dun documento que non está nin morto nin vivo, porque non vale absolutamente para nada a ningún; por outra banda, o grupo de goberno ignora as posibilidades que habería de mellorar a RPT a través das aportacións dos traballadores. Por todo o dito dí que votará en contra do acordo de rexeitamento das alegacións presentadas polos traballadores.

Novamente intervén o Concelleiro delegado de Persoal, **D. Alberto Blanco**, para dar resposta ao manifestado pola oposición. En primeiro lugar, non está de acordo con que non houbo negociación, xa que foron tres anos de negociacións,

polo que se cumpre a esixencia legal neste aspecto; en segundo lugar, con respecto á optimización da organización, considera que era mellor a RPT inicial, onde se recollían a creación de novas prazas, pero o documento actual só contempla as prazas existentes na actualidade no Concello, cando o ideal sería a creación dun organigrama e ir cubrindo as prazas a medida que a normativa o fora permitindo, polo que ao seu grupo de goberno tamén lle parece incompleta. En cuarto lugar, non é certo que o grupo de goberno non contara co apoio dos traballadores/as, xa que non seu momento se contou co apoio do 50% da plantilla e dos representantes sindicais, xa que se agora o CSIF presente unha reclamación non quere dicir que no seu momento non estivera de acordo, recordando aos presentes que se trata dun documento vivo que se poderá mellorar co tempo. En quinto lugar, o órgano que redactou á RPT foi a Mesa de Negociación despois de tres anos de traballo. En sexto lugar, no que se refire a indefensión que pode provocar a publicación parcial da RPT, non está de acordo, xa que moitos dos recurrentes eran coñecedores do documento íntegro, ademais de que estaba no departamento de Secretaría dispoñible para a súa consulta, a pesares delo e en cumprimento da legalidade, se procederá á publicación íntegra do documento. Por outra banda, no que respecta a que postos iguais teñen que ter iguais complementos, na sesión celebrada pola Comisión Informativa explicáronse casos puntuais onde existían diferentes funcións e loxicamente tiñan que haber complementos diferentes. Por último, no que respecta ao carácter económico, di que no momento actual non se pode incrementar a masa salarial, polo que lle parece que é mellor deixar para un futuro estas valoracións, cando cambie a situación económica actual que se está a vivir, polo que resulta na actualidade totalmente inviable.

Non habendo máis intervencións procedese á votación dos dous acordos que se inclúen neste punto por separado, adoptándose, por unanimidade, o **ACORDO** do primeiro punto, e por maioría (votos a favor do PP e en contra do PsdeG-PSOE, BNG E MÓVETE) o acordo do segundo punto:

Visto o acordo plenario adoptado en sesión do 23/06/2016, polo que se aproba definitivamente a Relación de Postos de Traballo (RPT) do Concello da Estrada.

Vistos os recursos prantexados contra a aprobación definitiva da RPT deste Concello, presentados polos seguintes traballadores e/ou centrais sindicais: D. Ramón Brea Villaverde, D. José Luis Loureiro Rey, Dna. Mónica Neira Mato, D. Ramiro Goldar Soto, D. Jesús Brea Regengo, D. Daniel Órrea Corral, D. Luis Vieites Santos, D. Antonio Aller Calvelo, D. Gonzalo Brey Eyo, D. Miguel Ángel Fernández Ferreiro, Dna. María Josefa Martínez Barros, Dna. Gisela Rey Baltar, D. Julio Fontañá Couso e D. Jerónimo Fernández Vicente (como coordinador da C.S.I.-F).

Visto o informe emitido pola Secretaria municipal con data 17/11/2016.

Vista a proposta do Concelleiro delegado de Persoal de 21/11/2016.

Visto o Ditame acadado pola Comisión Informativa de Organización e Funcionamento, na sesión celebrada o 24/11/2016.

ACORDAMOS:

Primeiro.- Estimar parcialmente os recursos interpostos por diversos traballadores e centrais sindicais no relativo á publicación íntegra do documento aprobado definitivamente en aras dunha total transparencia e por seguridade xurídica, polo que se procederá a unha nova publicación íntegra da Relación de Postos de Traballo no Boletín Oficial de Pontevedra.

Segundo.- Rexeitar (excepto no indicado no apartado Primeiro) os recursos prantexados por D. Ramón Brea Villaverde, D. José Luis Loureiro Rey, Dna. Mónica Neira Mato, D. Ramiro Goldar Soto, D. Jesús Brea Regengo, D. Daniel Órrea Corral, D. Luis Vieites Santos, D. Antonio Aller Calvelo, D. Gonzalo Brey Eyo, D. Miguel Ángel Fernández Ferreiro, Dna. María Josefa Martínez Barros, Dna. Gisela Rey Baltar, D. Julio Fontañá Couso e D. Jerónimo Fernández Vicente (como coordinador da C.S.I.-F).

4º.- DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO, RELATIVO Á PROPOSTA DE CREACIÓN DA COMISIÓN ESTRATÉXICA E DO GRUPO DE XESTIÓN DA EDUSI.

Toma a palabra o Concelleiro **D. Alberto Blanco**, explicando que, con motivo de dar cumprimento ás esixencias do desenvolvemento do Plan EDUSI e como paso previo, é necesario a creación da Comisión Estratéxica e do Grupo de Xestión, os cales estarás constituídos por todos aqueles membros de organismo que figuran no expediente.

Intervén a Concelleira **Dna. Belén Louzao** dicindo que se está a refirir a órganos que xa se constituíron, tales como o de Participación Cidadá (que se constituíu coas asociacións) e o outro que se se constituíu coa representación; preguntando se temos os representantes da Xunta.

Contesta o **Sr. Alcalde** que se ten os representantes de cada organismo pero aínda non chegou a comunicación oficial de nomeamento de representantes da Xunta.

Pide a palabra a **Sra. Mar Blanco** para manifestar o seu voto a favor, reivindicando que se respete o espírito representativo que recolle a propia convocatoria dos fondos EDUSI e que os proxectos que se financien con este fondos sexan os aprobados pola Comisión Estratéxica, sendo froito do consenso, evitando facer anuncios en balde sen seren aprobados previamente pola nomeada Comisión.

Intervén o **Sr. Xosé Magariños** para aclarar un punto recollido no informe da Secretaría Xeral sobre o tema das dietas, o cal que non queda claro, pero supoñe que non se cobrará dietas por asistencia á Comisión Estratéxica, xa que na Comisión Informativa só o seu grupo mailo o do Partido Socialista se mostraron en contra do cobramento destas, así que pregunta se se inclúe nesta punto da Orde do Día ou non.

Resposta o **Sr. Alcalde** que non é un acordo que se vaia a tomar nesta sesión plenaria, ademais a Secretaría entende que non é un órgano colexiado e, polo tanto, non existe dereito a ningún tipo de indemnización por asistencia a esta Comisión; sen embargo aclara que o que se somete a aprobación e a creación da Comisión Estratéxica e o Grupo de Xestión.

Non habendo máis intervencións procedese á votación, adoptándose, por unanimidade, os seguintes **ACORDOS**:

Vista a Resolución de 29/09/2016 da Secretaría do Estado de Presupuesto y Gastos, pola que se conceden audas de primeira convocatoria para a selección de “Estratexias de Desarrollo Urbano Sostenible e Integrado” que serán cofinanciadas mediante o Programa Operativo FEDER de crecemento sostible 2014-2020, convocadas por Orde HAP/2427/2015, de 13 de novembro, na que figura como beneficiario dunha axuda de 5.000.000,00 € o Concello da Estrada.

Vista a Estratexia presentada por este Concello dentro do prazo establecido pola nomeada Orde, na que figurada, entre outros, a necesidade de creación dunha Comisión Estratéxica.

Vista a proposta do Concelleiro delegado D. Alberto Blanco Carracedo de data 21/11/2016.

Visto o informe emitido pola Secretaria municipal con data 22/11/2016.

Visto o Ditame acadado pola Comisión Informativa de Organización e Funcionamento, na sesión celebrada o 24/11/2016.

ACORDAMOS:

Primeiro.- A creación da Comisión Estratéxica da EDUSI que estará presidida polo Sr. Alcalde-Presidente e da que serán membros o Concelleiro Delegado da EDUSI e os representantes

designados polos diferentes Grupos Políticos Municipais. Así mesmo formarán parte da mesma os representantes da asistencia técnica contratada para a correcta xestión da subvención concedida, o Coordinador do Grupo de Xestión e os representantes das administracións públicas implicadas no proxecto (Augas de Galicia, Dirección Xeral de Conservación da Natureza, Secretaría Xeral para o Deporte, Dirección Xeral de Inclusión Social, Axencia para a Modernización Tecnolóxica, Secretaría Xeral de Cultura e Instituto Enerxético de Galicia).

Segundo.- Terán voz todos os membros da Comisión, tendo voto unicamente o Sr. Alcalde-Presidente, o Concelleiro Delegado da EDUSI e os representantes dos Grupos Políticos Municipais.

Terceiro.- A Comisión reunirase con carácter ordinario unha vez ao ano.

Cuarto.- A creación do Grupo de Xestión da EDUSI que estará presidida polo Director de Réxime Interno e da que serán membros representantes dos Departamentos Municipais de Persoal, Intervención, Secretaría, Tesourería, Obras e Servizos, Cultura, Medio Rural e Medio Ambiente, así como da Estrada Dixital. Formarán, así mesmo, parte representantes da asistencia técnica contratada polo Concello para a boa xestión da subvención concedida.

Quinto.- A Comisión reunirase con carácter mensual de forma ordinaria.

5º.- DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO RELATIVO Á MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE MÓVETE DE SOLICITUDE DE ADHESIÓN Á CAMPAÑA BDS.

Para tratar este asunto o Sr. Alcalde cese a palabra á voceira de MÓVETE, **Dna. Mar Blanco**, ao ser unha moción do seu grupo político, a cal comeza dicindo que o obxectivo de MÓVETE é que o Pleno do noso Concello se solidarice co sufrimento do pobo palestino e denuncie a limpeza étnica á que se ve sometido por parte de Israel, polo que solicita que se sume ao movemento cidadá e pacífico creado a través da campaña BDS Global contra Israel. Entende que o seu compromiso político é cos veciños/as de A Estrada, pero iso non lles pode levar a pechar os ollos co sufrimento doutros pobos nin estar inmunes contra as inxustizas que se levan a cabo contra outras terras.

Despois de detallar as barbaries que se están a cometer contra o pobo palestino por parte de Israel, solicita ao Pleno deste Concello o adherirse á campaña BDS Global.

Intervén o voceiro do BNG, **Sr. Xosé Magariños**, para indicar que, como seres racionais que somos, hai que apoiar ao pobo palestino ante a aberración que está a sufrir, por elo apoian a moción de MÓVETE.

Toma a palabra o **Sr. Alcalde** para facer público un acordo adoptado sobre que hai determinadas mocións e iniciativas que exceden do ámbito de competencias do noso Concello sen entrar en debate sobre o fondo deste asunto, xa que o grupo de goberno entende que se trata dunha cuestión que excede das funcións municipais existindo outras que si afectan e preocupan aos veciños. Co dito non quere dicir que esté en contra do fondo da moción, pero existen outros temas que inflúen directamente aos veciños e que si son obxecto de debate plenario, sendo estes outros temas de ámbito internacional propios de debate parlamentario ou nacional e non municipal, e se convertimos ao Pleno nun foro de debate de temas desta índole estaríamos desnaturalizando as funcións propias deste órgano municipal. Polo anterior, van a votar en contra desta moción sen pronunciarse sobre o fondo da mesma.

Volve a intervir **Dna. Mar Blanco** para dicir que se o grupo de goberno vota "non" á moción, enténdose que está a votar en contra da Campaña BDS, considerando que o máis coherente sería a abstención.

O **Sr. Alcalde** responde que non vai a entrar a debates que saían fóra das competencias do Concello. Continúa dicindo que entende que o Concello poida instar a determinados organismos sobre asuntos que afectan á demarcación territorial da Estrada, pero en estes conflitos de carácter internacional está xustificadado que debe ser o goberno da nación e o parlamento europeo o que ten que tomar decisións o acordos ao respecto; polo que o grupo de goberno se nega a entrar en este tipo de debates que se saen totalmente da competencia do Concello de A Estrada.

Toma a palabra a Concelleira do PsdeG-PSOE, **Dna. Belén Louzao**, dicindo que a competencia para establecer a orde do día é do Alcalde, polo que se se somete ao Pleno se terá que debater, polo que, neste caso, dalle a razón á voceira de MÓVETE, así que se debe votar a moción e non negarse a elo baseándose coa non conformidade de que sexan sometidos ao Pleno este tipo de cuestións.

O **Sr. Alcalde** di que van a votar en contra desta moción polo dito anteriormente, recordándolle aos presentes o cambio de criterio á hora do cambio na redacción das convocatorias, xa que anteriormente os asuntos que non eran ditaminados favorablemente nas respectivas Comisións non se sometían ao Pleno, sen embargo agora si se levan aínda que non foran ditaminados favorablemente, por decisión directa da Sra. Secretaria, a pesares de elo, reitera a decisión do grupo de goberno de non votar a favor nin entrar en debate daqueles asuntos que non afecten directamente ao noso municipio e que saían das competencias propias do Concello.

Non habendo máis intervencións procedese á votación, rexeitándose a moción polos votos a favor do PSdeG-PSOE, BNG E MÓVETE, e en contra do Partido Popular.

6º.- DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA ESPECIAL PARA O ESTUDO DA FUSIÓN DOS MUNICIPIOS DE CERDEDO E COTABADE, RELATIVO Á MOCIÓN CONXUNTA DE TODOS OS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS POLA QUE SE SOLICITA INFORMES EN RELACIÓN Á FUSIÓN DOS CONCELLOS DE CERDEDO E COTABADE.

O **Sr. Alcalde** explica que a pesares de ser unha moción conxunta, ten como orixe unha moción inicial do Partido Socialista, polo que cede a palabra á voceira do mesmo, Sra. Belén Louzao.

Toma a palabra a **Sra. Belén Louzao** dicindo que o seu partido presentou unha moción para que se chegase a un acordo conxunto co fin de solicitar informes a distintos organismos sobre a fusión dos Concellos de Cerdedo e Cotobade, manifestando a súa alegría de que se conseguise un consenso unánime. Continúa explicando que a fusión xa é real e o Concello da Estrada, como limítrofe co concello de Cerdedo e como cabeza da comarca de Tabeirós-Terra de Montes, debe de solicitar información e diversas aclaracións para que os veciños afectados coñezan cal é a súa situación, para saber a onde teñen que acudir para solicitar ou recibir servizos administrativos, ou se lles corresponde o Xulgado da Estrada ou outro, ou, naqueles casos que se requira á Garda Civil, saber a quen teñen que chamar. Polo anterior considera necesario solicitar informes ao respecto á Vicepresidencia da Xunta de Galicia, á Subdelegación do Goberno e á Comandancia da Garda Civil.

Ante o manifestado solicita unha modificación do acordo que se va a adoptar, de xeito que o punto dous da moción conxunta quede redactado da seguinte maneira:

"Segundo.- Solicitar á Xunta de Galicia (Presidencia e Consellería de Vicepresidencia, Administracións Públicas e Xustiza) e á Delegación de Goberno á emisión dun informe respecto aos cambios na estrutura organizativa do noso partido xudicial como consecuencia da fusión Cerdedo-Cotobade, se a mesma afecta a operatividade do partido xudicial, cómo se van prestar os servizos que se viñan prestando e solicitar que dita fusión no perturbe nin impida a prestación de servizos aos nosos veciños, como Administración máis cercana ao cidadán que somos.

Así mesmo solicítase información sobre a onde teñen que acudir os veciños

de Forcarei e Cerdedo á hora de tramitar diversas xestións ante o Xulgado ou Rexistro Civil, é dicir, se teñen que dirixirse aos ubicados en A Estrada ou se agora lle corresponden outros; dúbida que se traslada tamén a outros servizos ata agora compartidos, tal como a Tesourería da Seguridade Social, Facenda, etc.”

Por outra banda, tamén solicita que se modifique o punto número 3 da moción, e que no acordo que se adopte quede reflexado como se tén previsto resolver os problemas que se poden prantexar á hora de coordinación de servizos e dotación de persoal precisa para compensar a perda de efectivos que ocasiona o pase do Cuartel de Cerdedo á Comandancia de Pontevedra. Así mesmo se solicita información sobre se os efectivos destinados en Cerdedo se seguerán coordinando cos da Estrada (como ata de agora), ou ben pasan a coordinarse cos de Pontevedra.

Intervén o **Sr. Alcalde** para manifestar que está de acordo coa introducción das modificacións plantaxedas pola voceira do Partido Socialista e que quede reflexado nos acordos que se van a adoptar a continuación.

Pide a palabra a **Sra. Mar Blanco** para dicir que espera ter resposta da Xunta de Galicia, porque recorda que no mes de maio do presente ano se aprobou unha moción conxunta para que se mantivera o Partido Xudicial da Estrada e, que ela saiba, non se tivo resposta.

Toma a palabra o **Sr. Xosé Magariños** para manifestar a súa opinión de que a fusión entre Concellos non soluciona absolutamente nada, de feito está prexudicando á maioría dos veciños en beneficio duns poucos.

Non habendo máis intervencións procedese á votación, adoptándose, por unanimidade, os seguintes **ACORDOS**:

Vista a moción conxunta de todos os grupos políticos municipais que se transcribe de seguido:

“Vista a fusión municipal dos Concellos de Cotobade e Cerdedo, temos que ter en conta que a mesma afecta á composición e incluso existencia do partido xudicial da Estrada, polo que é necesario que esta Corporación defenda a permanencia deste partido xudicial, xa sexa coa integración deste Concello fusionado no noso partido xudicial, xa sexa o mantemento do partido xudicial cos dous concellos que o comporían de pasar Cerdedo ao partido xudicial de Pontevedra: A Estrada e Forcarei.

Como pon de manifesto o informe de Secretaría emitido ao efecto: “la modificación de los límites de los municipios actuales comporta la adaptación automática de la demarcación judicial a la nueva delimitación geográfica, los Concellos de Cotobade y Cerdedo pasarán a integrarse de manera automática, tal y como establece el artículo 4.3 de la ley de demarcación, en el partido judicial al que correspondía el municipio que tuviera mayor población de derecho entre los afectados, es decir: Cotobade, integrándose, por tanto, en el partido judicial de Pontevedra”.

Ante esta prescripción legal, a inclusión deste Concello fusionado no noso partido xudicial só sería posible por renuncia expresa do mesmo á inclusión no partido xudicial de Pontevedra. Dito escenario só dependía da vontade dos municipios a fusionar, e non se fixo así, integrándose finalmente no partido xudicial de Pontevedra, polo que este Concello debe centrarse na defensa do mantemento do noso partido xudicial sen a presenza de dito municipio fusionado.

Para isto, esta proposta fai fincapé na necesaria a persistencia deste partido xudicial aínda que sexa conformado polos Concellos da Estrada e Forcarei; pois é axeitado e necesario para a prestación de servizos a estes Concellos o mantemento do partido xudicial.

O Concello da Estrada, no seu conxunto, co respaldo de todos os grupos políticos, plantexa a remisión desta proposta, á Consellería de Vicepresidencia da Xunta de Galicia, á Delegación de Goberno e a Comandancia da Garda Civil, e por unanimidade, PROPÓN:

1.- Instar á Xunta de Galicia e a Administración Xeral do Estado a velar pola preservación do partido xudicial da Estrada, polas seguintes razóns:

- *A poboación do partido xudicial non experimenta cambios importantes coa desaparición do Concello de Cerdedo deste partido xudicial: pasaría de 26.753 habitantes a 24.893, o que non é relevante en ningún caso.*

- *No que respecta á superficie do partido xudicial, estamos a falar dun partido xudicial cunha gran superficie, na que a perda do Concello de Cerdedo tampouco sería significativa. Pasaría de 528,5 a 448,7 km2. Os concello da Estrada e Forcarei, aportan a meirande parte da superficie, sendo só do Concello de Cerdedo 79,8 km2.*
- *No que respecta a actividade xudicial, tal e como se describe no anexo adxunto, tendo como referencia os datos de 2013, atopábanse en tramite ao inicio do periodo 650, ingresaron 3.205, foron resoltos 3.085, e atopábanse en tramitación ao remate do período 702. Destes datos derivase que a actividade xudicial deste partido é, cando menos, relevante.*

2.- Solicitar á Xunta de Galicia (Consellería de Vicepresidencia) e a Delegación de Goberno á emisión dun informe respecto aos cambios na estrutura organizativa do noso partido xudicial como consecuencia da fusión Cerdedo-Cotobade, se a mesma afecta a operatividade do partido xudicial, cómo se van prestar os servizos que se viñan prestando e solicitar que dita fusión no perturbe nin impida a prestación de servizos aos nosos veciños, como Administración máis cercada o cidadán que somos.

3.- Solicitar á Comandancia da garda Civil informe sobre a incidencia que esta fusión supón nos cuarteis municipal, se é necesario habilitar outro pola perda do cuartel do Concello de Cerdedo e cómo ten previsto resolver os problemas que a fusión poidera plantexar.”

Visto o ditame acadado pola Comisión Informativa Espècial para o estudo da fusión dos municipios de Cerdedo e Cotobade na sesión celebrada o 24/11/2016.

Visto o debatido anteriormente nesta sesión plenaria.

ACORDAMOS:

Primeiro.- Instar á Xunta de Galicia e á Administración Xeral do Estado a velar pola preservación do partido xudicial da Estrada, polas seguintes razóns:

- A poboación do partido xudicial non experimenta cambios importantes coa desaparición do Concello de Cerdedo deste partido xudicial: pasaría de 26.753 habitantes a 24.893, o que non é relevante en ningún caso.
- No que respecta á superficie do partido xudicial, estamos a falar dun partido xudicial cunha gran superficie, na que a perda do Concello de Cerdedo tampouco sería significativa. Pasaría de 528,5 a 448,7 quilómetros cadrados. Os concello da Estrada e Forcarei, aportan a máis grande parte da superficie, sendo só do Concello de Cerdedo 79,8 km2.
- No que respecta á actividade xudicial, tendo como referencia os datos de 2013, atopábanse en tramite ao inicio do periodo 650, ingresaron 3.205, foron resoltos 3.085, e atopábanse en tramitación ao remate do período 702. Destes datos derivase que a actividade xudicial deste partido é, cando menos, relevante.

Segundo.- Solicitar á Xunta de Galicia (Presidencia e Consellería de Vicepresidencia, Administracións Públicas e Xustiza) e á Delegación de Goberno á emisión dun informe respecto aos cambios na estrutura organizativa do noso partido xudicial como consecuencia da fusión Cerdedo-Cotobade, se a mesma afecta a operatividade do partido xudicial, cómo se van prestar os servizos que se viñan prestando e solicitar que dita fusión no perturbe nin impida a prestación de servizos aos nosos veciños, como Administración máis cercana ao cidadán que somos.

Así mesmo solicítase información sobre a onde teñen que acudir os veciños de Forcarei e Cerdedo á hora de tramitar diversas xestións ante o Xulgado ou Rexistro Civil, é dicir, se teñen que dirixirse aos ubicados en A Estrada ou se agora lle corresponden outros; dúbida que se traslada tamén a outros servizos ata agora compartidos, tal como a Tesourería da Seguridade Social, Facenda, etc.

Terceiro.- Solicitar á Comandancia da Garda Civil informe sobre a incidencia que esta fusión supón nos cuarteis ubicados nos distintos Concellos e como se tén previsto resolver os problemas que se poden prantexar á hora de coordinación de servizos e dotación de persoal precisa para compensar a perda de efectivos que ocasiona o pase do Cuartel de Cerdedo á Comandancia de

Pontevedra. Así mesmo se solicita información sobre se os efectivos destinados en Cerdedo se seguerán coordinando cos da Estrada (como ata de agora), ou ben pasan a coordinarse cos de Pontevedra.

7º.- DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE RURAL E MEDIO AMBIENTE EN RELACIÓN Á MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG SOBRE A APROBACIÓN DUN PLAN DE MELLORA DOS SISTEMAS DE REGA.

O **Sr. Alcalde** outorga a palabra ao Concelleiro do BNG, D. Xosé Magariños, para explicar a súa moción.

D. Xosé Magariños considera que non é necesario dar datos sobre a situación de sequía que se está a vivir este ano, sen embargo sinala que existe un problema económico grave que están a sufrir os gandeiros e agricultores do noso rural, xa que as perdas durante o verán foron moi importantes, ao que hai que engadir a falta de choiva e a deixadez absoluta na que se atopan os canais de rega tradicionais, polo que é necesario que o goberno municipal os apoie mediante un plan que permita recuperar as presas de rego. Ao anterior di que hai que crear nos Orzamentos municipais unha partida presupostaria en concepto de axuda para a modernización dos sistemas de rego e que se traduzan nun uso máis eficiente da auga e que lles permita facer fronte ás épocas de seca.

Continúa aclarando que un goberno municipal está para algo máis que para xestionar papeis, está para incidir na actividade económica do municipio, e este caso é un claro exemplo, polo que o goberno ten que poñer todo da súa parte para ter un rural vivo.

Polo anterior, espera que o grupo de goberno cambie o sentido do seu voto, xa que na Comisión Informativa votou en contra desta moción.

Dna. Belén Louzao manifesta que o seu grupo político comparte a inquietude do voceiro do BNG, considerando que unhas das funcións da administración municipal é axudar aos cidadáns dando apoio naquelas necesidades existentes. Pide que ese plan de mellora se leve a cabo o antes posible. Igualmente demanda que outros plans que foron aprobados en sesións plenarias e non foron levados a cabo, como por exemplo o plan de erradicación de vertedoiros de lixo no rural).

Volve a intervir **Dna. Mar Blanco** para deixar constancia do seu apoio a esta moción así como a calquer outro plan que redunde en beneficio do rural

O **Sr. Alcalde** traslada que moitos veciños do rural se achegan ao Concello para reclamar sobre o sistema de rega e se leva intentando dar solucións a eses problemas, de feito non fai moitos días fíxose unha actuación importante de limpeza de presa en Guimarei, sendo este un exemplo, entre outras actuacións similares, de que o grupo de goberno interérase polas inqueanzas dos veciños do rural e pon todo da súa parte para dar solución a ditos problemas, non considerando importante o crear unha partida orzamentaria específica, xa que o Concello ten como única forma de arranxar demandas veciñais en tema de rega a vía subvención, xa que moitos dos sistemas de rega existentes son de carácter privado. Así mesmo lles recorda á oposición de que nos últimos anos todos aqueles arranxos nos sistemas de rega se fixeron vía subvención ás asociacións correspondentes por parte da Deputación de Pontevedra a través do Plan de Acción Comunitaria e que, precisamente, os outros partidos políticos se cargaron, pero si a oposición quere se pode ter unha reunión na Deputación para exisirlle a dito órgano que recupere novamente ese tipo de subvencións de dinamización no rural.

Intervén o **Sr. Xosé Magariños** solicitando que se lle aclare unhas cifras nas cales, advirte, non van incluídos os campos de fútbol, así o Plan Concellos 2015 para a Estrada: 1.152.609,16 €; Plan 2016: 1.736.993,70 €, 50,70% máis con respecto ao ano anterior, tendo en conta que na Deputación xa non gobernaba o Partido Popular. Ante ditas cantidades lle pide ao Alcalde que sexa serio e non culpe á Deputación actual, e sexa sincero cos veciños, sobre todo cos do rural. Continúa que está cansado de que polo grupo de goberno se poña a escusa de que a

Deputación lle trata mal e a Xunta o trata ben, pedindo que se sexa serios e responsables.

Contesta o **Sr. Alcalde** que os datos facilitados polos distintos partidos políticos non son creíbles, e que ao Sr. Magariños lle manipulan os datos facendo el despois de voceiro da menxase. Di que a cifra que dixo sobre a Deputación de Pontevedra, son os recursos que asignou a Deputación ao Concello da Estrada no último Plan de Concellos, antes dese fixo outros catro, pero ademais había un Alcalde con moita capacidade de xestión que fixo que, a parte dese Plan, se nos outorgara dous millóns e medio de euros máis de que nos vai a dar a Deputación de Pontevedra nos próximo catro anos, co cal se se executou o proxecto da carretera de Liñares-Balboa. Continúa dicindo que lle parece inxusto que so conte co Plan de Concellos e non coas esas outras aportacións de gran calado (exemplo: obra da Baiuca).

Por outra banda, o Sr. Alcalde quéixase do trato actual que a Deputación está dando ao Concello da Estrada, de feito a Sra. Presidente deste organismo non acudiu á reunión que tiña concertada na Estrada. Por outra banda, prefería que ese millón de euros que é concedido a este concello dentro do Plan Concellos fóra menos e se lles dera máis apoio para executar outras actuacións, lembrando aos presentes o estado lamentable en que se atopan as estradas da Deputación, con falta de limpeza e bacheado, estando en total abandono as vías comunicación no rural, debido quizá porque dito organismo ha preferido destinar o diñeiro para obras faraónicas en Vigo e Pontevedra, como é o caso do Estadio de Balaídos.

O **Sr. Magariños** reconece que os viais da Deputación están descoidados e en mal estado, e cansado de que o noso Alcalde non puxera solución a este tema, asumiu a responsabilidade de falar coa deputada provincial e, como consecuencia, estanse a arranxar varios viais. Así mesmo, lle pide ao Sr. Alcalde que faga memoria e lle diga canto invertiu a Deputación no Concello da Estrada nos últimos anos.

Resposta o **Sr. Alcalde** que dende que o seu grupo político preside esta corporación a Deputación a invertido máis de doce millóns de euros, aproximadamente. En canto ao dito polo voceiro do BNG, sobre que a Deputación xa están arranxando os seus viais no noso concello, di que non se ve moito os resultados. Novamente reitera a súa disconformidade coa actitude que está tendo a actual Deputación cos Concellos máis pequenos, implicándose tan so cos Concellos de Vigo e Pontevedra en detrimento dos demais. A pesares de todo o anterior manifesta o seu desexo de ter unhas relacións cordiais coa Deputación.

Non habendo máis intervencións procedese á votación, rexeitándose a moción polos votos a favor do PsdeG-PSOE, BNG E MÓVETE, e en contra do Partido Popular.

8º.- DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE RURAL E MEDIO AMBIENTE EN RELACIÓN Á MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG SOBRE A INCORPORACIÓN DO CONCELLO AO PLAN COMPOST REVITALIZA DA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA.

O **Sr Alcalde** outorga a palabra ao Sr. Xosé Magariños para expoñer o fondo da súa moción.

O **Sr. Xosé Magariños**, ante o acaecido no punto anterior e á falta de preocupación do goberno do Partido Popular da Estrada por adherirse ao Plan Móvese, di que é fácil deducir que tampouso estará interesado por formar parte do Plan Compost da Deputación, polo que lle parece unha tontería entrar en debater esta proposta e entrar directamente na votación do que o seu grupo político propón, e que é:

Primeiro.- Incorporar ao Concello da Estrada ao Plan Compost Revitaliza da Deputación de Pontevedra.

Segundo.- Acudir á convocatoria de subvencións da Deputación de Pontevedra para a consolidación do Plan Compost Revitaliza, cuxas bases se publicaron o pasado 19 de outubro.

Continuando coa súa exposición, o Sr. Magariños di que se trata dun Plan que podería dar resultados moi importantes en A Estrada, sobre todo dentro do caso urbán polas aquelas hortas e xardíns existentes no mesmo, e, deste xeito, ser un claro exemplo para outros concellos no tema de saber cómo tratar os desperdicios e lixo provintes do traballo desas hortas e xardíns. Pero, como considera que o grupo de goberno está máis preocupado pola falta de investimento da Deputación no noso municipio que por adherirse a este tipo de Plans, entón non ten moita confianza en que apoie esta moción.

A voceira socialista, **Dna. Belén Louzao**, manifesta o seu apoio a esta moción para que o Concello da Estrada se adhira ao Plan Compost da Deputación Provincial de Pontevedra, considerando incoherente que despois dun ano dende que se puxo en marcha este Plan o noso concello non se adherira, sobre todo tendo en conta os beneficios que supón, entre eles de aforro, e, sen embargo, na estratexia EDUSI se inclúe unha proposta de promoción da apertura dunha planta de compostaxe, polo que non entende que se prefira facelo mediante fondos europeos en vez de utilizar eses cartos para outras actuacións e adherirse ao Plan da Deputación.

Así mesmo recorda outros Plans aprobados con respecto ao tratamento de residuos, erradicación de puntos de verquido, etc., non se cumpren nin se levan a cabo, polo que novamente solicita que, por unha vez por todas, sexamos serios e se estableza unha estratexia pola ESTRADA VERDE (como lle chamou o grupo de goberno) e non se deixen de lado aquelas oportunidades que se brindan para elo, como é este caso do Plan Compost da Deputación. Tamén pide que non se oculte que está a colaborar cos nosos veciños e se recoñeza quen está a poñer os fondos para a mellora daquelo que se está a facer na Estrada, é dicir, que non se diga que é o Concello da Estrada o que está a facer as obras cando non é así.

Finaliza pedindo que se aproveiten outras oportunidades que ofrecen outras administracións para mellorar o estado do noso concello e a situación dos nosos veciños; recorda ao Sr. Alberto Blanco a petición que se fixera para adherirse a programas de actividades de verán para xóvenes e, sen embargo, non se solicitou nada.

Intervén **Dna. Mar Blanco** lamentando non estar na primeira quenlla de concellos que apostaron polo reciclaxe orgánico, lamentando tamén as declaracións feitas naqueles momento polo Sr. Alcalde manifestando a súa oposición a este tipo de reciclaxe por consideralo como unha volta a época das correidoras, a pesares delo ten confianza que durante o tempo transcorrido dende entón o Sr. Alcalde haxa reflexionado sobre este tema e se vaia hacia un futuro máis sostible apoiándose nas oportunidades de formar parte des diferentes iniciativas, como é o caso do Plan Compost da Deputación.

O **Sr Alcalde** intervén para dicir que o seu grupo político non ten ningunha dúbida de que se debe avanzar hacia ese escenario de mellora do servizo de xestión dos residuos orgánicos, pero non están de acordo co modelo previsto polo BNG da Deputación Provincial ao considerarlo como un mero experimento que non se sabe a onde vai a ir, creado sen contar co consenso dos concellos. Sen embargo o grupo de goberno ten un modelo deseñado co restos das entidades sociais e cos membros dos partidos políticos da oposición que se adapta ás necesidades propias do Concello de A Estrada, polo que tendo o proxecto e os fondos pide que se deseñe unha estratexia dentro da EDUSI para ataxar ou rebaixar o impacto medioambiental que pode ter a recollida de residuos sólidos urbanos e a mellora de eficiencia enerxética, ofrecendo unha negociación sen ningún tipo de prexuízos para elaborar este proxecto. Así mesmo aclara que se este proxecto xurde a partires dunha iniciativa pública e, en aras da transparencia, o grupo de goberno incorpora a mesma á estratexia do EDUSI. Polo anterior, aclara que a decisión de non adherirse ao Plan Compost da Deputación é sobre todo porque se trata dun modelo que non se adapta ás necesidades do noso concello, preferindo, polo tanto, elaborar un que si dea resposta ás mesmas; pero se o Sr. Magariños considera que non é acertada esta decisión, o invita a que traia a un responsable da Deputación para que explique e demostre o encaixe do noso municipio neste Plan, entón se valorará a adhesión.

Por outra banda, dando contestación á acusación da Sra. Louzao, di que nunca se esconderon as obras da Deputación, doéndolle que un erro se convirta

nunha acusación dese tipo, porque a empresa adxudicataria dunha obra confundíose no cartel que tiña que colocar, así que na obra que financiaba o Concello puxo o cartel da Deputación (1ª fase da obra de Penerada), e na obra que financiaba a Diputación puxo o cartel do Concello (obra en Fermín Bouza Brei), pero, tan pronto se advertiron os erros, procedeuse ao cambio e corrección. No mesmo orde, aclara que o motivo de non chegar a tempo coa petición de melloras de seguridade viaria foi un tema de xestión interna deste concello que non respetou os prazos establecidos para a súa solicitude, pero para a próxima convocatoria lles gustaría volver a solicitalo e aproveitar todas aquelas actuacións que sexan beneficiosas para o noso municipio.

O **Sr. Xosé Magariños** interrompe para manifestar a súa sorpresa ante a afirmación do Sr. Alcalde sobre que a Deputación non lle achegou o modelo do Plan provincial de compostaxe cando lle consta que houbo varias xornadas entre Alcaldes de diversos Concellos onde se lles levou a visitar algunha planta de compostaxe; di que lle sorprende incluso máis porque é coñecedor de varios Alcaldes do Partido Popular estusiastas co dito proxecto. Tamén lle sorprende que o modelo que ten o grupo de goberno sexa outro (o de SOGAMA), porque considera que o plan de compostaxe é unha mera declaración de intencións, xa que non hai absolutamente nada sobre como vai a ser o modelo que se vai a seguer, xa que a día de hoxe o modelo do Partido Popular da Estrada son 432.000 euros que lle custa aos veciños e veciñas da Estrada, pero di que se se quere seguir dicindo que a Deputación "non nos quere ben", pois continuemos así. En definitiva di que lle apena que non se quera votar a favor deste punto e non aportar para que A Estrada sexa un referente neste tema.

O **Sr. Alcalde** responde dicindo que estamos en posesión dos medios, plataforma e recursos para negociar un plan de compostaxe adaptado ás características e necesidades de A Estrada a través da EDUSI e, incluso, se a Deputación está disposta a traballar nese plan, estarán dispostos a negociar, porque o que está claro é que hai que buscar plans eficientes dende o punto de vista económico e medioambiental.

Novamente intervén o **Sr. Magariños** dicindo que lle toma a palabra e se, o Alcalde fai a xestión para programar visitas a plantas de compostaxe lle gustaría acompañalo, incluso el mesmo se compromete para falar con quen sexa para levalo a cabo, esperando que vaian todos os voceiros do partidos municipais.

Non habendo máis intervencións procedese á votación, rexeitándose a moción polos votos a favor do PsdeG-PSOE, BNG E MÓVETE, e en contra do Partido Popular.

9º.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO DA ALCALDÍA N° 883/2016, DE 26 DE SETEMBRO.

Dáse conta da Resolución da Alcaldía n° 883/2016, de 26 de setembro, que se transcribe de seguido:

"A vista a proposta da Concelleira de Benatar Social.

A vista do Decreto 99/2012 do 16 de marzo polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, publicado no Diario Oficial de Galicia do 30 marzo de 2012 (D.O.G nº 63).

A vista da Alcaldía nº 261 con data de 30 de marzo de 2016 de solicitude de transferencia finalista para o cofinanciamento dos servizos sociais comunitarios de titularidade municipal ao longo do ano 2016.

A vista da orde do 13-07-2016, publicada no DOG do 26 de xullo de 2016, pola que se modifican os módulos económicos para a renovación anual do financiamento dos gastos de persoal dos servizos sociais comunitarios establecidos no Decreto 99/2012.

A vista do requirimento de documentación recibida por RE o 15.09.2016 da certificación do acordo da corporación local actualizada pola modificación do financiamento do persoal para o ano 2016.

Visto o informe da Intervención Municipal de data 23-09-2016.

A vista do sinalado no artigo 14 da lei 30/92 no relativo a avocación de competencias.

A vista a competencia desta Xunta de Goberno Local, segundo o sinalado no artigo 7.2 do decreto 21,1.s) da lei 7/85 e Decreto de delación da Alcaldía nº 682/2015, de 15 de xuño.

RESOLVO:

1º Avocar a competencia previamente delegada na Xunta de Goberno Local.

2º Que se acorde modificar a resolución da Alcaldía nº 261 con data 30-03-2016 quedando a mesma co seguinte contido.

1. Solicitarlle á Consellería de Traballo e Benestar a transferencia finalista para o cofinanciamento dos servizos sociais comunitarios de titularidade municipal regulada no Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento.

2. Que o importe total do financiamento solicitado, segundo se reflicte no resumo xeral deste anexo V, é de 674.700,20 €, co seguinte detalle:

- Persoal: 114.362,00 €
- Mantemento: 800,00 €
- Axuda no fogar:
 - o Modalidade de prestación básica do Plan Concertado: 40.000,00 €
 - o Modalidade para persoas valoradas como dependentes: 394.072,20 €
- Xestión de programas: 125.466,00 €
- Investimento: 0,00 €

3. Que o acordo inclúe a declaración de que os servizos sociais comunitarios municipais seguen a prestarse con continuidade.

4. Que se adoptou o compromiso de cofinanciar o mantemento e o desenvolvemento dos servizos sociais comunitarios de titularidade municipal incluídos no proxecto anual presentado para a solicitude da transferencia finalista correspondente ao exercicio 2016 na contía de 729.673,50 €, que supón unha porcentaxe do 51,96 % sobre o orzamento total do proxecto, excluídas outras achegas autonómicas.

5. Dar conta ó Pleno da Corporación do contido da solicitude na vindeira sesión que se celebre. “

O Concello Pleno queda sabedor.

10º.- DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS DA ALCALDÍA DITADOS DURANTE O PERÍODO DO 3 AO 31 DE OUTUBRO DE 2016. Dáse conta ao Pleno da Corporación dos Decretos da Alcaldía ditados no período comprendido entre o 3 e o 31 de outubro (ambos os dous incluídos), e que van dende o nº 916/2016 ao nº 1031/2016 (ambos os dous incluídos).

A Corporación en Pleno queda sabedora.

Antes de pasar ao punto de rogos e preguntas, o **Sr. Alcalde** pregunta se hai algunha moción de urxencia.

A) MOCIÓN DO PsdeG-PSOE RELATIVA AO ARRANXO DO ENTRONQUE ENTRE A N-640 E A AUTOPISTA.

Intervén a Sra. Belén Louzao para presentar unha moción fóra da Orde do Día desta sesión que ten como fin que, unha vez por todas, as Administración do Estado e da Comunidade Autónoma de Galicia se poñan de acordo para levar a cabo o arranxo do entronque entre a N-640 coa autopista, porque parece ser que non se poñen de acordo e mentres os estradenses temos que sufrir esa chapuza. Considera que é urxente instar a este organismos o antes posible xa que se están a elaborar os presupostos do Estado e da Comunidade Autónoma, e único que ten o Concello da Estrada é un informe da Xunta de Galicia onde se recoñece que se trata dunha chapuza. Polo anterior, o seu grupo político solicita que se faga unha reunión no propio lugar onde está situado dito entronque, mediante a convocatoria aos responsables da Xunta e de Fomento, co gallo de que vexan o

desnivel e a perigosidade que supón a súa situación.

Continúa dicindo que xa sabe que existen acordos ao respecto adoptado en diversas sesións plenarias, así como peticións remitidas aos distintos organismos e, sen embargo, a día de hoxe non existe solución, por iso é urxente que se adopten outro tipo de medidas máis drásticas e instar a que poñan solución inmediata e o contemplan nos seus respectivos orzamentos.

Contesta o **Sr. Alcalde** dicindo que lle parece tarde para abordar dita cuestión. Recorda que ese asunto foi incorporado dentro do acordo adoptado entre todos os grupos políticos para a mellora das infraestruturas viarias do noso concello, polo que considera que é redundante cando escasos 10 días se remitiu a diversos organismos dito acordo para o arranxo de diversos viais do municipio, incluído o nomeado entronque. Polo anterior, considera razoable deixar un prazo de tempo para ver cales son as respostas das distintas administracións ao respecto e, a partires de ahí, en caso de que non atendan ás demandas trasladadas, se fará unha xunta de portavoces para decidir como se vai a facer para as peticións sexan atendidas.

Sometida a votación a urxencia desta moción, esta é rexeitadas polos votos en contra do Partido Popular e a favor do PsdeG-PSOE, BNG e MÓVETE.

11º.- ROGOS E PREGUNTAS.

Dna. Belén Louzao, voceira do Partido Socialista: Inicia o seu turno lamentado que non se haia votado a favor da urxencia da moción presentada fóra da Orde do Día. Di que lle chegan solicitudes de veciños da Avda de Santiago para que se arranxe o semáforo sito no cruce da Avda de Santiago coa rúa Antón Losada Diéguez, xa que din que a luz que permite o paso de peóns non se pon en verde nunca.

Así mesmo, da traslado da solicitude do coletivo de transportistas para que se leve a cabo unha axeitada coordinación do semáforos da Avda Benito Vigo.

Pide que lle sexa facilitadas copias das facturas emitidas por Wurth España por importe de 117,58 € e Infohouse, S.L de 2.250,00 € (merca de ordenadores), incluídas nunha relación de contas (con reparos formulados pola Intervención municipal) aprobada pola Xunta de Goberno Local en sesión do 14/11/2016.

Recorda a necesidade de reparar o firme dos aparcamentos sitos na Casa das Letras e preto de Correos. Tamén lle recorda ao Concelleiro Juan M. Constenla Carbón que aínda non lles respondeu por escrito o preguntado na anterior sesión plenaria.

Dna. Mar Blanco, voceira de MÓVETE: En primeiro lugar pide unha explicación sobre cales foron as tarefas encomendadas a unha traballadora contratada a través da Deputación para o Museo; recorda que esta pregunta xa foi formulada nunha sesión plenaria anterior ao que se lle contestou que estaba contratada para ordenar os fondos do dito Museo, sen embargo recentemente un equipo da TVG acudiu ao Museo para facer unha reportaxe fotográfico e non tivo acceso por atoparse este en total abandono e con moito desorde. Polo anterior quere saber a que traballos se dedicou realmente esa persoa contratada.

Contesta o **Sr. Alcalde** que dita persoa non se dedicou precisamente a ordenar fisicamente o Museo. Dí que o Museo leva pechado sete anos, polo que existe un manifesto desorden nel, e a becaria non se adicou a ordenalo de forma material e física, senón que o seu traballo consisteu en ordear os fondos fotográficos e documentais do Museo, ofredendo á Sra. Blanco o poder consultar ditos traballos, os cales se fixeron baixo a supervisión do Director do Museo, Juan Andrés Fernández Castro, quen pode xustificar que ditas labores se fixeron. A colación deste tema, informa que proximamente celebrarase unha reunión co Director do Museo para tramitar a pronta apertura do mesmo, aínda que existen diversas trabas estruturais que hai que solucionar previamente, como, por exemplo, a cuberta, para o que será necesario proceder á tramitación dun expediente de contratación, non

podendo facerse antes por falta de medios económicos. Aproveita para recoñecer a excelente laboura do Sr. Fernández Castro a pesares das deficiencias existentes.

Continúa a **Sra. Mar Blanco** preguntando se se van a esixir responsabilidades aos responsables da mala e deficiente obra do Novo Mercado (empresa construtora, ou Director da obra ou aos técnicos municipais que asinaron a recepción), xa que, a petición da Xunta de Galicia, houbo que facer melloras, de feito cando se recepcionou a obra non se fixo nas condicións adecuadas; ou ben será o propio Concello quen asuma a reparación ou realización das melloras necesarias.

Responde o **Sr. Alcalde** que non se trata dunha cuestión que se teña que achacar a ninguén, porque as obras que se están a facer non estaban contempladas no proxecto inicial, senón que se tratan de obras a maiores. Di que o Servizo de Sanidade comunicou que era necesario o subministro de auga quente nos aseos, a colocación de estruturas mecánicas para os postos de venda de peixe, colocación de outro tipo de pavimento, etc., as cales se están a acometer con axudas da Xunta de Galicia. Considera que se tratan de pequenos erros no proxecto, quizá habendo sido necesario o previo informe de Sanidade no seu momento, o cal foi solicitado antes da finalización das obras, pero dito organismo non emitíu o seu informe ata que estas foran rematadas e recepcionadas, e antes de enfrentarse a unha multa de Sanidade, é necesario afrontar as reformas e melloras suxeridas. Recalca que non se tratan de obras provintes da mala execución da obra.

A **Sra. Mar Blanco** pregunta sobre a tramitación dos Orzamentos municipais, sobre todo tendo en conta que o prazo para o seu remata finaliza neste mes de decembro, pedindo que aos partidos da oposición se lles dea opción para presentar propostas co fin de debatir as súas inclusións no Orzamento para 2017.

O **Sr. Alcalde** contesta que o proceso de elaboración vai lento polas dificultades que presenta o Departamento municipal de Intervención pola precariedade no que se atopa e polo volume de traballo que ten a finais de ano, polo que cré que non se poderá aprobar o Orzamento en tempo e forma, sendo necesario prorrogar o de 2016, pero que se porá todos os medios necesarios para poder aprobalo a principios do 2017.

A **Sra. Mar Blanco** pide que neste ano, a diferenza de anos anteriores, se conte máis coa participación da oposición. Continúa preguntando en que momento está o estudo das bonificacións do IBI para alpendres, naves e estabulacións, os cales teñen que pagar dito imposto a partires do vindeiro ano.

Resposta o **Sr. Alcalde** que se trata dun tema que aínda non está feito, xa que moitos acordos adoptado por outros Concellos con respecto a este tema tiveron que volveirse atrás porque a Lei impide unha bonificación liñal. Di que o noso Concello aínda non é obxecto de revisión catastral, e a partires da dita revisión se fará unha proposta en colaboración co ORAL para propoñer e aprobar unhas bonificacións dentro da legalidade; nestes momentos di que está en máns do ORAL, quen está a levar dito estudo, e a partires de aí se procederá, mediante a respectiva Ordenanza, a aplicación de bonificación para esas construcións segundo a lei permita.

Finalmente, **Dna. Mar Blanco**, reitera unha pregunta feita na sesión plenaria anterior a cal non lle foi contestada a pesares de que se quedou en darlle contestación por escrito, dita pregunta trataba sobre o tema da traída de auga de Souto.

Inicia o seu turno de rogos e preguntas o voceiro do BNG, **Sr. Xosé Magariños**, para transmitir tres rogos de diferentes cidadáns. O primeiro deles trátase dunha petición de varios usuarios do Centro de Saúde para que se solucionen os problemas existentes no dito Centro con respecto ao ascensor (averiado frecuentemente) e coa auga quente, problemas que tamén repercuten no tema médico, porque para determinados tratamentos fai falla a auga quente.

En segundo lugar, pide que se poña en marcha un plan de mantemento da

senalización vertical, tanto no rural como na vila.

Por último, traslada o comunicado por un veciño en relación a que os basamentos do cruceiro de Ouzamerxe están desequilibrados con risco de caer, polo que solicita que se tomen as medidas oportunas para afianzar dito cruceiro e evitar que caia e rompa ou ben cause danos a algún veciño.

Volve a intervir a **Sra. Belén Louzao** para solicitar que se convoque unha Comisión Informativa de Facenda co fin de estudar o tema do IBI, xa que recorda que se quedou en estudar o tema dos galpóns, do polígono, etc., e non sabe cómo están ditos temas, sendo necesario que lles dea traslado da información que exista na actualidade e poder facer un estudo das medidas que se poidan tomar de cara ás novas taxas.

Antes de finalizar a sesión o **Sr. Alcalde**, dentro do Regulamento de Participación Cidadán, pregunta se hai algunha persoa entre o público asistente que queira intervir, previa identificación con DNI.

Intervén o **Sr. Manuel Blanco Casais (DNI 35442771R)** para manifestar a súa pena ante a pouca sensibilidade que ten o Partido Popular nalgúns temas, como é o caso do xenocidio do pobo de Palestina, considerando a disculpa do Sr. Alcalde como moi desafortunada, porque a moción presentada por MÓVETE para a adhesión á campaña BDS foi feita para ser aprobada nos concellos e nas deputacións, considerándoa moi positiva ao igual que outras que se adoptaron noutros momentos. Continuando, di que a súa impresión de que se trata dun tema político, e se é así, entón o PP deste Concello da un perfil de que está domesticado, reiterando o seu pesar de que por causa de criterios políticos mandados polos mandos superiores se rexeite esa moción, pensando que si o grupo de goberno está a favor de Palestina, debería manifestalo sen medo e aprobar a nomeada moción.

O **Sr. Alcalde** contesta que non se trata dun tema de estar ou non domesticados, senón que se trata dun tema de organización que depende do Presidente da Corporación (o Alcalde) e non doutro tema. Recorda que existen unha serie de cuestións que foron acordadas polo Pleno da nosa corporación, entre elas o non posicionamento en temas ou conflitos internacionais que non afectan directamente ao noso municipio, xa que entón se entraría en debater moitos e diversos temas que restarían tempo para outros asuntos municipais. Di que está de acordo con que se debatise este tema no Parlamento español (que é onde se ten que manifestar o posicionamento do pobo español), pero se os concellos entramos neste tipo de debates se acabará desvirtuando a función lexítima que teñen estas corporacións. Polo dito, quere deixar claro que a súa función é de moderador da sesión, non entrando a valorar o fondo do asunto, xa que está de acordo con moitos dos aspectos que se han dito nesta sesión con respecto ao tema de Palestina, pero considera que non se debe facer unha excepción con esta moción, xa que ao final acabará creando norma e orixinará o debate de cuestións no Pleno en detrimento doutros temas máis importantes para o concello e que afectan directamente a todos os veciños. Resumindo, o Sr. Alcalde di que non quere entrar en debate nin adoptar acordos que non sexan meramente municipais e dentro das competencias do Concello.

O **Sr. Blanco Casais** di que o problema é que o Sr. Alcalde non dou lectura á Moción, xa que a Campaña vai dirixida aos Concellos.

Non habendo máis intervencións por parte dos Concelleiros e do público asistente, levántase a sesión ás vinte e dúas horas trinta minutos minutos.

A Estrada, 1 de decembro de 2016
A SECRETARIA,

Asdo.: Lucía Artime Alonso